

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión e expresión oral

Un corvo vello, antes de sacar os fillos do niño, dáballes algúns consellos para que soubesen andar polo mundo sen grande perigo.

—Mirade —diciálles—, cando vexades vir un home, escapade, porque se vos colle mátavos. Se vedes que trae un pau furado, escapade aínda que o home estea lonxe, pois aínda ben non fai «chape» e xa no cu che bate. Se vedes que se baixa para coller unha pedra, tamén, porque con ela mátavos tamén de lonxe.

—E se trae a pedra no peto? —dixo o corviño máis pequeno.

—Ti pódeste ir —contestoulle o pai—, que xa sabes andar só!

1A. escoita isto e responde as preguntas.

- Quen relata o conto?

O pai dos corviños.

- Cantos consellos lle dá aos seus fillos?

Dálle tres consellos.

- Cales son?

Cando vexan vir un home que escapen, se trae unha escopeta que escapen tamén, aínda que estean lonxe, e se colle unha pedra escapar tamén.

- Porque lle di ao fillo máis pequeno que xa pode marchar?

Porque é moi listo.

- Conta ti un conto que che contaran os teus pais, os teus avós ou algunha persoa adulta.

Resposta libre.

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión e expresión oral

A princesa desencantada

Cando algunha vez, en soño ou de viaxe, volva a aquela terra, non poderei esquecer a historia que certa tarde alí oín.

Contouma un ancián, de ollar profundo e barba rubia, á hora en que me deu por subir ao punto máis alto da cidade e enxergar dende alí as grandes torres espelladas na auga do río que por alí corre, río de bágoas que unha princesa, un día, daquela chorou.

En tempos, este reino fora terra de encanto.

Deixou de selo a partir do momento en que o rei mandou prender á filla no máis fortificado alxube da cidade, por coidar ela infame a servidume en que vivían os súbditos do reino.

—Esta é historia de Tristalia —rosmou o vello— e como todas as historias non é unha historia perfecta: a fin parece o principio, e quen unha vez a escoite axiña pedirá que ninguén a volva repetir.

Fitando a man trémula que apuntaba na dirección do río, vin que o descoñecido albiscaba o lugar onde se erguía a fortaleza en que a filla do rei vivira encerrada. Entón contou el:

«Desencantada, como princesa, co mal que, ás ordes do rei, a lei realizaba, Tristalia deixou de ser terra de amor.

Día e noite, a princesa non paraba de chorar. Pedíanlle os nobres protección para ela ás cortes, convidábaa o clero a arrepentirse, mesmo temendo que sobre o pobo caese de novo a ira do rei.

O máis arrasador dos desencantos, non obstante, debíase ao xeito en que o rei Severo, seu pai, trataba á raíña Eduvixes, súa nai.

Escandalizábanse os chanceleres, o episcopado, a nación. De banquete en banquete, o rei Severo seguía coa súa.

Iluminada por designio divino, resolveu a princesa poñer fin á humillación. Cal segredo de estado, determinou sen demora escapar da prisión, correr mundo, rebelarse como só o fai quen ten razón.

Como máis vale fuga que espera, así foi. En semanas conquistou os favores do garda maior Epaminondas, logo obtivo a sela dun fogoso alazán. Do tesoureiro Sexismundo, en poucos días, unha elevada contía de pezas de ouro. Do camareiro Malaquíás, en horas, unha poderosa espada de dous gumes.

Planeada a evasión, antes fuxir que ficar mal. Non ía aínda lonxe o cabaleiro embruxado, de armadura e espada en ristre, e xa un mensaxeiro ao servizo do rei pasaba aviso por terras da provincia ata a última aldeola.

Entraron as tropas en estado de alerta. Poboáronse de espías os postos da fronteira. Un capacete de sombra abateuse sobre o rostro dos soldados atrincheirados nas esquinas.

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión e expresión oral

Á saída da cidade, un mendigo, que acudira ao son de tan lixeiro trote, interrompeuno:

—Onde vos leva esta présa de vivir, señor do cabalo alazán?

Quitoulle anos o cabaleiro ao mendigo, que outra cousa naquela hora non tiña para lle dar!

Fuxía de si mesmo, non do mundo, o cabaleiro, deixando tras de si un rastro de miseria e escravitude. Dunha casa en ruínas saíu, co fillo no colo, unha muller a quen a guerra lle encontrara baleiro o corazón:

—A quen fará feliz, un día, Señor meu, todo o ouro que levades?

Deulle o cabaleiro o sol e a lúa, que mágoas hai na vida que non se esquecen nunca.

Entrementres, ¿podía alguén adiviñar quen, así disfrazado, lles confesaba seguido ás herbas do camiño grandes honras, por moito que se diga que son deshonras?

Á porta dun albergue, un neno, fascinado polo anel de luz que, no seu cabalgar, a cabalo e cabaleiro envolvía, fíxoos deter:

—Se na túa espada, Rosa Peregrina, a vontade do pobo así confía, ¿por que non volves axiña ao Palacio onde o terror da noite en boa hora se fixo día?

Deu media volta o cabaleiro que de sí mesmo tanto fuxía. Aclamado nas rúas de Tristalia, xuntouse o foraxido aos señores do reino que xa nas cortes buscaban herdeiro entre os bastardos que do rei Severo daquela había.

Quitado o manto, aos pés, ninguén ousou dicir que aquel misterioso cabaleiro a coroa non merecía.

-Non hai outro encanto- comentou o vello, emocionado- senón aquel que pon fin ao reinado que os reis tiranos, case sempre, espallan por servidume gratuíta ou teimosía”

Vergílio A. VIEIRA

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión lectora

1A. Busca o significado das palabras destacadas na lectura.

Enxergar: Ver algo ao lonxe sen distinguilo ben. Alxube: Lugar subterráneo onde encerran aos presos. Calabozo. Chanceleres: Maxistrados que se encargaban do selo real. Alazán: Cabalo ou egua de cor semellante á da canela. Tiranos: Persoas que exercen o seu poder dun xeito absoluto, ixusto e mesmo cruel.

2A. Responde.

- Quen conta a historia da princesa?

Un ancián, de ollar profundo e barba rubia.

- Cales son os personaxes que se nomean na historia?

A princesa, o rei Severo, a raíña Eduvixes, o garda maior Epaminondas, o tesoureiro Sexismundo, o camareiro Malaquíás, un mendigo, un neno.

- No texto aparece a pregunta: «por que non volves axiña ao Palacio onde o terror da noite en boa hora se fixo día?». Explica coas túas palabras que quere dicir.

Que chegou a hora de que ela reinara, pois o rei morrera e a época escura do seu pai cambiou para unha época de melloría.

3A. Escribe un breve resumo da historia.

Resposta libre.

4A. Cal é a túa opinión sobre o relato? Cres que fixo ben a princesa en escapar? Por que? Que pensas do seu pai, o rei?

Resposta libre.